

REUNIÓN EXTRAORDINARIA DO COMITÉ DE EMPRESA

26-xullo-2011

Asisten:

Presidente: Portela Fernández, Xosé Manuel (CUT)

Vicepresidente: Ledo Pernas, Félix (CUT)

Rodríguez Barba, Ana María (CUT)

Suárez Sánchez, José Manuel (CUT)

Bouzas Gómez, José Antonio (CUT)

Cordal Fustes, Jorge (CIG)

López Domínguez, Javier (CC.OO)

Monteserín Macías, Pedro Manuel (USO)

Ríos Barbeito, Manuel (UGT)

Non asisten:

Secretario: Muñíz Seijas, Juan Carlos (CUT)

Vicesecretario: Boado Sexto, José Antonio (CUT),

Puente Varela, Jesús Florentino (CUT)

Cardelle Barreiro, Eduardo (CIG)

Pena Pérez, Enrique José (CIG)

Rey Souto, María Teresa (UGT)

Romero Beade, Manuel (USO)

Otero Canabal, Jorge (CCOO)

Iníciase a reunión ás 09:40 horas na sala nº 2 da Reitoría da Universidade.

Coa seguinte **orde do día:**

Punto nº 1.- Postura do comité de empresa sobre a reunión mantida coa xerencia na negociación do IV Convenio Colectivo.

Punto nº 2.- Procedemento de selección dos técnicos especialistas de laboratorio.

Punto nº 3.- Temarios de obras e do servizo de seguridade.

Desenvolvemento da sesión:

Aclaracións do presidente:

O presidente do Comité de Empresa informa algún dos candidatos a Reitor que xa o chamaron para falar con el. Acordase que si chaman os candidatos a Reitor a UDC para falar con Xosé Portela, este remitirallos a unha unión do comité de empresa en pleno.

Informa que Paco Rodríguez Casal e Javier Chico Porca piden unha reunión co Comité de Empresa acordase manter a reunión en setembro.

Punto nº 1.- Despois do tratado coa Xerencia:

Presentación de proposta de RPT de maneira urgente. **(A nova RPT só contemplará as prazas de fóra do catálogo, a Transitoria II e, se pode, incluirá unha praza máis)**

TRANSITORIA SEGUNDA - RPT.

- A Quen afecta?: 100% GRUPOS 4a/4b
- Cando?: Convocatoria del curso e proba antes de novembro 2011. En ningún caso nin o curso nin a proba coincidirán cos temas dos que xa foron examinados os afectados/as.
- Cómo?: Procedemento: Curso para cada categoría e proba por categoría, baseada nos citados cursos. Establecemento de, polo menos, 3 convocatorias. **(Só afectará a conserxerías e telefonistas terá que ser en 3 prazos. Negociará temarios e execución)**

ECONÓMICAS

- Recuperación da capacidade adquisitiva perdida nos anos 2010 y 2011.
- Implantación do complemento de produtividade similar en contía e forma ao que actualmente ten o colectivo funcionario **(Non pode haber negociación, o goberno establece a conxelación para este ano e a redución do 5% para o ano pasado, está limitada pola normativa)**

PROMOCIÓN E TRASLADOS HORIZONTAIS.

Previa acreditación dunha competencia válida, facilitarase a mobilidade horizontal entre categorías do mesmo grupo. Dita acreditación conseguirase pola realización dun curso con superación de proba, coa superación dun proceso selectivo sen haber obtido praza ou cunha acreditación da mesma categoría obtida noutra administración pública. **(Ve un problema de legalidade porque entende que sempre hai que aprobar o proceso selectivo. Neste aspecto ten vontade de acordo, sempre que se plasme algo legalmente asumible)**

- PROMOCIÓN HORIZONTAL:

Adaptación ao novo sistema de clasificación profesional do E.Público establecida no EBEP, facilitandoa promoción horizontal segundo o mesmo estatuto. Reorganización da RPT en función destes criterios. **(Non o entende, nin entende a duplicidade de postos, parécelle que non se axusta á legalidade)**

FUNCIONARIZACIÓN

Unha vez estruturada a RPT, adaptándose ao EBEP, negociación dun proceso de funcionarización que terminará antes de novembro de 2012. **(Sempre que non haxa promoción na funcionarización, que o resultado sexa quedarse como se está economicamente falando, sería posible. Non está disposta a estar negociando, a tres bandas, un ano)**

Acórdase a realización, a volta de vacacións de asembleas informativas nos Campus de Ferrol e Coruña.

Punto nº 2.-

Acordase que a nota de corte nos supostos prácticos, que aparece no procedemento de selección de técnicos de laboratorio é de forma excepcional para este proceso selectivo pola súa peculiaridade de a existencia de subareas e as listas de agarda por subareas.

Punto nº 3.-

Acordase que o temario está descompensado entre as distintas categorías. Acordase que se falará co servizo para intentar corrixir os temarios en este sentido.

Sen máis incidencias remátase a sesión ás 13:00 horas

A Coruña, 26 de xullo de 2011

Presidente do Comité de Empresa.